

**IMPORTANTE PARA AS FAMILIAS.
INSTRUCCIÓN FINAL DE CURSO E.S.O.**

Unha vez publicadas as **Instruccións do 27 de abril de 2020**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20 nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, informámoslles do seguinte:

- As **actividades lectivas** do curso escolar seguirán ata o día 19 de xuño.
- O profesorado revisará as **programacións didácticas** para centrar as actividades lectivas do derradeiro trimestre nas aprendizaxes e competencias imprescindibles que deberá desenvolver o alumnado. Estas actividades poderán ser de recuperación, repaso, reforzo ou ampliación. Tamén adaptará os criterios de avaliación e cualificación, que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación do terceiro trimestre sempre e cando beneficie ao alumnado. **A adaptación de cada programación será publicada no departamento correspondente da web do centro a partir do día 13 de maio.**
- O alumnado con **materias pendentes** doutros cursos deberá realizar as tarefas ou probas que o docente de dita materia lle encomende para poder recuperalas.
- A **avaliación final ordinaria (xuño)** terá lugar unha vez finalizadas as actividades lectivas. O alumnado que supere todas as materias promocionará ao curso seguinte ou, no caso de 4º, titulará.
- Mantense a convocatoria de **exames de setembro**. O alumnado de secundaria que suspenda algunha materia en xuño terá que examinarse en setembro.
- **Promoción e titulación.** Flexibilizaranse de maneira excepcional os criterios de promoción e titulación sen depender do número de materias suspensas. A decisión se tomará de maneira colexiada polo equipo docente tendo en conta o establecido nos puntos 3.10 e 3.12 das instruccións da consellería.

PROMOCIÓN 1º, 2º e 3º

Alumnado coas dúas primeiras avaliacións aprobadas. Promociona en xuño.

Aprobado coa media ponderada das notas da 1ª e 2ª avaliación que aplique cada un dos departamentos. O traballo da 3ª avaliación poderá subir nota. Se o cumprimento do traballo correspondente ao terceiro trimestre non é suficiente se fará constar no informe de avaliación final.

Alumnado con unha ou dúas avaliacións suspensas.

Pode suspender a materia se non acada as competencias básicas e/ou non traballa o mínimo requerido na 3ª avaliación. Polo que **deberá adicar o terceiro trimestre á recuperación das avaliacións suspensas.**

- **Se suspenden unha ou varias materias en xuño.** Examinarase en setembro.

Se en setembro non recupera as materias, o equipo docente decidirá colexiadamente se promociona ou non baseándose na evolución académica do estudante durante o período previo á suspensión da actividade lectiva presencial, tal e como recolle o punto 3.10 das Instrucións do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Educación e Formación Profesional.

O alumnado que promociione con materias pendentes terá que recuperalas no vindeiro curso.

TITULACIÓN EN 4º

Alumnado coas dúas primeiras avaliacións aprobadas. Titula en xuño.

Aprobado coa media ponderada das notas da 1ª e 2ª avaliación que aplique cada un dos departamentos. O traballo da 3ª avaliación poderá subir nota. Se o cumprimento do traballo correspondente ao terceiro trimestre non é suficiente se fará constar no informe de avaliación final.

Alumnado con unha ou dúas avaliacións suspensas.

Pode suspender a materia se non acada as competencias básicas e/ou non traballa o mínimo requerido na 3ª avaliación. Polo que **deberá adicar o terceiro trimestre á recuperación das avaliacións suspensas.**

- Se suspenden unha ou varias materias en xuño.

O equipo avaliador pode decidir que titule en xuño ou que se examine en setembro das materias suspensas.

Se en setembro non recupera as materias, o equipo avaliador decide colexiadamente se titula ou non, baseándose na adquisición dos obxectivos xerais establecidos para a etapa e o desenvolvemento das competencias, tal como recolle o punto 3.12 das Instrucións do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Educación e Formación Profesional.

Para calquera dúbida poden contactar con nós a través das canles habituais.